

APRENDENDO A MEDIR E A LOCALIZAR CON MAPAS

Os mapas son unha ferramenta fundamental para coñecer o mundo que nos rodea. Para poder interpretalos correctamente precisamos dominar dúas ferramentas moi importantes:

- **A escala**, que nos permite calcular as distancias reais a partir das medidas dun mapa.
- **As coordenadas xeográficas**, que nos axudan a localizar con precisión calquera lugar da Terra.

Por este motivo, nesta ficha imos practicar estes dous aspectos básicos.

A ESCALA

Empregando a escala gráfica do mapa de Europa da páxina 17 do libro de texto, **calcula a distancia** en quilómetros entre as seguintes cidades:

- Londres e París.
- Moscova e Kiev.
- Roma e Atenas.
- La Valeta e Nicosia.
- Lisboa e Bakú.

AS COORDENADAS XEOGRÁFICAS

Observa o mapa da páxina 19 do libro de texto e, de maneira aproximada, **indica as coordenadas xeográficas** de Quito, Londres, Roma, Kinshasa, San Petesburgo e Sydney. Ademais, **responde a esta pregunta**: das cidades indicadas, cal está máis preto do Ecuador? E máis lonxe?